

## **INSTRUCCIÓN IV/2021 DE 26 DE FEBREIRO DA XERENCIA, POLA QUE SE DISPOÑEN MEDIDAS PARA A APLICACIÓN DA ORDE DO 25 DE FEBREIRO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS COMO CONSECUCENCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DA COVID-19 NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

A Orde da Consellería de Sanidade do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, á vista dos indicadores sanitarios, dispón a flexibilización das medidas de restrición en tres ámbitos: apertura nas fins de semana de espazos comerciais, apertura progresiva da hostalaría e a restauración e novas medidas no relativo á actividade en instalacións deportivas e piscinas.

Así mesmo, establécense tres niveis de restrición nos distintos concellos galegos en función da situación epidemiolóxica. Actualmente os campus de Santiago e Lugo atópanse no mesmo nivel de restrición, é dicir, entre os concellos con menores limitacións.

A Instrución III/2021 da Xerencia do 16 de febreiro que modificaba a Instrución da Xerencia do 27 de xaneiro de 2021 no relativo ao período de vixencia, estendía os seus efectos ata o 3 de marzo en consonancia co disposto polas autoridades sanitarias. Á vista da nova Orde, tendo en conta o reinicio da actividade docente presencial a partir do 1 de marzo e a necesidade de adaptar ao contexto da Universidade de Santiago de Compostela as medidas da Orde do 25 de febreiro, esta instrución concreta os aspectos da Orde que afectan á USC.

Unha vez reunido o Comité de Xestión COVID-19 da USC, en calidade de Responsable COVID-19 e no uso das competencias atribuídas polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e a Resolución do 20 de xuño de 2018 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios,

### **DISPOÑO**

*Primeira. Ámbito de aplicación*

Esta instrución será de aplicación a toda a comunidade universitaria.

*Segunda. Actividade docente de títulos oficiais*

1. Desde o 1 de marzo a actividade docente en títulos oficiais desenvolverase de acordo co previsto nos escenarios 1 e 2 das Bases para unha docencia presencial segura de conformidade co acordado por cada centro.

2. A defensa de teses de doutoramento, traballos de fin de grao e traballos fin de mestrado poderá realizarse de xeito presencial desde o 1 de marzo, con observancia das medidas da *Guía de actuación fronte á COVID-19 para centros e persoal da USC con traballo presencial*.

### Terceira. *Actividades docentes de títulos non oficiais e actividades de formación*

Desde o 1 de marzo a actividade docente de títulos e cursos non oficiais así como de actividades formativas do persoal poderá ser presencial de acordo co disposto na *Guía de actuación fronte á COVID-19 para centros e persoal da USC con traballo presencial*.

### Cuarta. *Apertura de instalacións*

1. A biblioteca, o arquivo e os museos e instalacións deportivas da Universidade de Santiago de Compostela abrirán ao público desde o 1 de marzo nos termos establecidos polas autoridades sanitarias e que se concretan na actualización da *Guía de actuación fronte á COVID-19 para centros e persoal da USC con traballo presencial* e nos seus protocolos específicos, de ser o caso.

2. As cafeterías e comedores universitarios procederán á súa apertura ao público xeral desde o 26 de febreiro, en horario de 8:00 a 18:00 horas, con estrita observancia da *ORDE do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia* e do disposto na *Guía de actuación fronte á COVID-19 para centros e persoal da USC con traballo presencial*.

### Quinta. *Organización do traballo*

1. Tendo en conta o retorno á actividade docente presencial e a reapertura ao público de instalacións, todo o persoal da Universidade desenvolverá o seu traballo nos termos do escenario anterior á Instrución da Xerencia do 27 de xaneiro, é dicir, de xeito presencial como no inicio do curso 2020-2021.

2. O apartado anterior enténdese sen prexuízo dos supostos de conciliación regulados na *Instrución I/2020 conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Profesorado do 29 de setembro de 2020 pola que se establecen medidas para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e as condicións de entrega e uso das máscaras hixiénicas proporcionadas pola USC* e do persoal considerado especialmente sensible de acordo co protocolo establecido na *Guía de actuación fronte á COVID-19 para centros e persoal da USC con traballo presencial*.

### Sexta. *Reunións e uso dos espazos de traballo*

1. As reunións de traballo poderán realizarse de xeito presencial con observancia das medidas e limitacións dispostas na *Guía de actuación fronte á COVID-19 para centros e persoal da USC con traballo presencial*, especialmente no relativo ao aforo dos espazos, ventilación, distancia de seguridade interpersoal e hixiene de mans.

2. O consumo de bebidas e comida en espazos comúns limitarase ao imprescindible e deberá realizarse con estrita observancia das medidas dispostas na *Guía de actuación fronte á COVID-19 para centros e persoal da USC con traballo presencial*, especialmente no relativo ao uso da máscara facial. En todo caso, recoméndase o consumo ao aire libre.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas as Instrucións da Xerencia II/2021 do 27 de xaneiro de 2021 e III/2021 do 16 de febreiro.

Disposición final. *Vixencia*

Esta instrución será de aplicación desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela

O xerente

Antonio Javier Ferreira Fernández

Xerente e Responsable COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 26/02/2021 09:52:07.

**CSV:** 9D16-D9CC-4224-8D81